

ANACOS

BOROBÓ

Aquil cabaleiro da viseira

Na *druídica robleda* (que diría en castelán calquer tardoceltófilo) non vin a aquil cabaleiro da viseira que nunca faltaba cada vez que me encomendaran pregoar na súa vila. Estaría ausente, pois, na frondosísima carballeira do campo da antiga feira de Caldas de Reis, onde eu, arriscadamente ancorado no palco da música, botaba o sermón, da Festa do Roscón. Xa que ao decirse na mesma xornada da festa, máis propio que un pregón, é un sermón.

Pensei de contado que o señor da gorra e viseira, ao non estar alí, si se iría a dar unha volta por Indonesia, para reverdecer os días, e os anos, que acolá vivira coma un sátrapa en Bandung, poñendo a punto a aviación de Sukarno. Dado que o cabaleiro caldense da viseira é inxeniero aeronáutico xubilado —ou emérito, tal como agora se di dos retirados de certa xerarquía— e ben podería volver unha temporadiña a onde denantes morara.

Supoñía ao meu ouvinte e lonxano parente de Caldas, viaxando pola inmensa illa de Borneo, ou mellor pola máis peque-

na de Java, cando me pareceu velo pasar en coche coma unha exhalación, o outro vernes, pola estrada de Sevilla a Carmona, deixando moi atrás, detidos nos semáforos, aos demais convidados a unha boda andaluza.

Penso que despois se destocaría, xa que non volvíu a ollar a viseira, nin a testa que antes cubría, na igrexa prioral de Carmona; maxestuosa coma unha catedral, vestida de refulxentes, aúreos e grandiosos retablos. Nin tampouco as topei no enorme graneiro do cortixo, trocado en salón de vodas e sostido por marmóreas e xónicas columnas, xa case amarelas polos séculos que denotaban a súa procedencia, cecais das ruínas da Itálica famosa.

O noso paisán, dende logo, non era ningún daqueles señoritos sevillanos maduros e macizos, que entre as columnas trenzaban e dominaban, con sobria e rítmica elegancia, a bética danza das fermosas mocidades sin vestir entón de faralaes.

Non era lecer para que algúns deles levará, naquela noite de baile, a gorra que usan cando, ca *garrocha* na man e a cabalo

da *jaca*, acosan ás xuencas nos *tentaderos*. Non se mostrara alí outra viseira ca do noso cabaleiro de Caldas, e iste xa desaparecera, sin podernos despedir dil.

Pasou o sábado e na mañá do domingo puidemos por fin penetrar na catedral de Sevilla, atascada polas colas formadas por milleiros de turistas orientais e occidentais. O gótico florido das colosais oxivas e os 32 ciclópeos pilares do maior templo da Hispanidade, abraíou-me ata o grado de esquerer que semellante fábrica —máis belida e valiosa que sete exposicións universais—, tiña en principio tan endeble construción, despois afectada polos terremotos, que en parte se desmoronou en dúas ocasións: na noite dos Inocentes de 1511, e no primeiro de agosto de 1888. E caín dise xeito nunha mística ensoñación, propiciada pola visión das altísimas crucerías, asaetadas polos mil raios dunha luz andaluza, que ao atravesar as prodixiosas vidreiras, santificábase goticamente.

Ata que espertei ao ver encol dunha mesa petitoria, xunto á porta catedralicia do Baptisterio, a gorra de viseira do meu lonxa-

no curmán. E alí estaba personalmente detrás dila, o inxeniero aeronáutico caldense, coma un irmán da caridade, que agora é, pedindo esmola para o *Hospicio y Hospital de la Santa Caridad de Sevilla*. A fundación do célebre D. Miguel de Mañara Vicentolo de Leca; aquil arrependido libertino, cuxa figura serviu de alicerce, *asegún* moitos eruditos, ao mito de D. Juan Tenorio. Hospicio e Hospital edificadas por Mañara nos solares que comprou das velas atarazanas de Don Alfonso O Sabio, o das *Cantigas*.

A súa Irmandade xamais sería procesional. Non deixa a viseira, para poñerse o capirote na Semana Santa, o cabaleiro caldense; sevillán por pía afinidade matrimonial, devoción e profisión (no longo tempo en que non morou en Bandung). Un mes cada ano tócalle estar de servizo gratuito na Irmandade: vixiar cada día o reparto do xantar aos probes do Hospicio da Santa Caridade; pois inda quedan probes en Sevilla, pra que os señores pudentes poidan facer tal... obra de caridade. E pedir esmola para iles, xunto á porta norte da Catedral. ♦



Vitorino Pérez Prieto 'Xesus era ecoloxista e feminista'

Estou con varias cousas, en especial de teoloxía, entre eles *Por eso lo mataron*, de Juan José Tamayo que presenta a Xesus como home libre. Tamén a obra de Dolores Aleixandre *Bautizados con fuego* que, dentro da escasa e interesante produción de teoloxía feita por mulleres, aporta unha lectura distinta dos textos bíblicos desde o punto de vista da muller. Na mesma liña están as obras de Shüssler *Pero ella dijo* e *En memoria de ella*, que reflexiona sobre a presenza das mulleres nos Evanxeos e nas primeiras comunidades cristianas. En canto a literatura ando coa extraordinaria novela de Blanco Amor *La catedral y el niño*.

Que recomenda ler?

A novela de Blanco Amor que se acaba de reeditar. Ten unha escrita impresionante, grande riqueza de vocabulario e un incrível retrato de personaxes cunha marcada veta anticlerical. Levaba tempo sen ler algo con tanto gusto e creo que debían tomar boa conta dela os escritores novos. Gostoume tamén *Afirma Pereira* de Tabucchi. Recomendaría asimesmo dúas obras de Shusaku Endo, *Silencio* e *Rio Profundo*.

En Do teu verdor cinguido busca por a ben ecoloxía e cristianismo?

Non é preciso poñelos a ben porque o cristianismo é unha aposta pola vida integral, o que significa o respeito polo ser humano e o cosmos. O contrario é unha mala interpretación do cristianismo. Fago unha defensa do ecoloxismo sen apelidos, como unha maneira de situarse non só na terra senón no cosmos seguindo unha veta xenuinamente cristián. Non se pode ser cristián sen ser ecoloxista.

Fai tamén unha crítica do economicismo.

O meu ecoloxismo non é só medioambientalista senón político e social. O economicismo cosifica a natureza en aras dos beneficios económicos. Xesus era ecoloxista e feminista. Se realidades como esta —e tamén o galeguismo e o feminismo— resultan conflictivas é por unha mala interpretación. O cristianismo tense que deixar interperlar por estes movementos socialmente revolucionarios. ♦

Hospital de Orbico, León 1954.
Obras: *A xeración Nós*. *Galeguismo e relaxión*. *Cristián e galeguistas* e *Do teu verdor cinguido*. *ecoloxismo e cristianismo*.

CAMIÑO VELLO CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

Amor de nai

Miña nai miña naiciña cando non ten que me dar, éncheme a cara de bicos e despois rompe a chorar

¿Haberá definición máis grande do amor maternal?

Castelao, referíndose á Piedade ou Virxe das Angustias dos canceiros galegos, di que eles nunca poñerían a un home no colo da nai; por iso, nestas representacións do reverso dos cruceiros, "Xesus sempre é pequeno, é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre son pequenos no colo das súas nais".

Elas son as grandes deusas de todos os tempos e culturas. Afrodita, Démeter, Isis, Ceres ou a mesma Virxe María, son as posuidoras do ventre procreativo e do leite nutricional, a man que xulga e perdoo e os brazos que acollen e protexen, a guía no difícil camiño da vida, o escudo protector e o seo acolledor, o cume e centro da primavera humana e a referencia de agarimo, tenrura e amparo no resto da vida.

En Roma, entre o 28 de abril e o 3 de maio celebraban a festa da "Floralia", festas de fecundidade nas que os fillos da terra lle agradecían á nai natureza o florecemento de todos os froitos benefactores.

Ademais de principio, a nai ta-

mén é a continuadora da vida, ata extremos tales como o sentido polos esquimós, que cando morría unha muller deixando un neno de peito, este era enterrado con ela, pois non se entendía como un cativo podía ser criado sen a propia nai.

Ela chora e comparte as penas do fillo e ri as súas ledicias, pero tamén pode ser a grande egoísta do seu amor e quen máis sofre da súa incompreensión.

O cume deste egoísmo cóntase no caso dunha nai solteira que criou o seu pequeno como unha rosa solitaria.

O rapaz crecía e á nai íanlle pesando os anos, sustentados no apoio do fillo en quen ela tiña postas as esperanzas para a velez. Sen el, ela, que nin viúva sería, ficaría soa e desamparada; e temía ese día, como se temen as desgracias.

Unha noite o rapaz chegou á casa coa terrible noticia: Tiña noiva e quería casar.

—¿E que vai ser de min, meu fillo?

—Ti vivirás con nós.



Pero ela, ciumenta, sabía que o amor de quen ela criou xa non era o mesmo. O rapaz por quen se desviu tiña outros brazos que o acollían, outros ollos que o mirasen, outros dedos que o alumiñasen e o vestisen; e ela ficaba relegada a un sgeundo plano. Como a nai seguía protestando, o fillo recriminábaa:

—Non sexas egoísta, miña nai.

—Non son egoísta, fillo, son túa nai.

Pero por moito que ela intentaba

sacarlle da cabeza a idea do casamento, o rapaz, querendo evitar remorsos, aseguráballe que un amor non ten que ver co outro. E ela, que sufrira na súa mocidade as consecuencias dun cariño mal entendido, pensaba que lle volvía a negativa experiencia.

Quen na veciñanza participaba daquela discusión dividíase entre os que lle chamaban desleigado ó rapaz e comenencias á nai.

O día do casamento, entre os invitados faltaba a desconsolada muller, que non quería participar naquel acto que a relegaba.

O rapaz dispoñíase a responder cando o crego pregunta diante do pobo invitado como testemuña daquela unión:

Pedro, ¿queres por esposa a María Dolores?

E antes de que o noivo dese o seu consentimento, desde o fondo da igrexa, oíuse a voz da nai recomendando con desesperación:

—Di que non, meu fillo, di que non. ♦